

O PSdeG de Lugo visita o IES As Mercedes e insta á Xunta a “recapacitar sobre a desintegración dun centro exemplar”

A deputada autonómica Concepción Burgo e o secretario de Educación provincial do PSdeG, Carlos Ferreiro, participaron esta mañá nunha protesta con profesores e alumnos e posteriormente realizaron unha visita polo instituto, que consideran “un caso exemplar da integración da ESO e BAC coa FP” que non pode “ser desmantelado” senón que debера ser “un modelo para exportar a outros centros”

A deputada autonómica do PSdeG, Concepción Burgo, e o secretario de Educación provincial, Carlos Ferreiro, realizaron esta mañá unha visita de máis de dúas horas ao IES As Mercedes de Lugo, afectado pola decisión da Xunta de eliminar ESO e Bacharelato por decreto. Tras a participar nunha concentración de protesta e na reunión coa directiva e os responsables educativos do centro, os socialistas amósanse “impresionados” pola “absoluta vocación e implicación do profesorado cos alumnos e o altísimo nivel da oferta e das instalacións logrado co esforzo da comunidade educativa” que puideron comprobar. Concepción Burgo destaca que As Mercedes é “sen dúbida, un caso exemplar da integración da ESO e BAC coa FP” que non pode “ser desmantelado”, senón que “para a Xunta debера ser un modelo para poder exportar a outros centros”.

A socialista pídlle ao Goberno galego que “recapacite” sobre a súa decisión e asegura que “centros como o de As Mercedes son a mellor garantía para fomentar a entrada de alumnos en FP”, xa que “os proxectos e as instalacións que fan nos ciclos formativos serven á vez como exemplo práctico para darlle clases aos alumnos de ESO e BAC dentro do propio centro”, e estes ademais “ven a FP como unha saída cercana, que teñen preto, e que deste xeito se lles fai máis atractiva”. Os mestres transmitíronlles aos responsables socialistas que o centro tería sen ningún problema espazo e garantías para ubicar os novos ciclos de FP sen ter que desmantelar ESO e BAC, algo que Burgo ve “totalmente razoable, compatible e enriquecedor”.

Iniciativas no Parlamento

Burgo convida “a coñecer o modelo de As Mercedes para todo o que queira comprobalo”, despois de levarlles aos responsables do centro os documentos coas iniciativas xa rexistradas que o PSdeG defenderá no Parlamento para que a Xunta dea marcha atrás no decreto. Os socialistas comprometéronse a apoiar o IES “en todos os órganos e institucións” que estean ao seu alcance.

A deputada autonómica e o secretario de Educación lembran asimesmo as iniciativas anunciadas onte no Parlamento para que a Xunta aclare se o que quere facer é unha reforma da Rede de Centros de Galicia “por decretazo, de xeito improvisado e pola porta de atrás”. Se é así, esixen que a Xunta “poña a idea enriba da mesa” e se faga un plan “estudado e consensuado”. Neste momento hai varios centros na provincia, en Lugo, Chantada, Vilalba, Sarria e Monforte, tamén pendentes das decisións do Goberno galego.